



María Coira



Vocación pola conserva

María Coira, nace en Catoira en 1983, é traballadora temporal dunha fábrica de conservas de peixe e marisco.

Estudou un ciclo de técnico de farmacia, pero non continúa a súa formación, xa que con 18 anos se queda embarazada e comeza a traballar na hostalería, nun sector no que resulta moi difícil conciliar, así que, ao crecer o seu fillo apúntase nunha ETT, e aí entra en contacto coa industria do mar.

Unha fábrica de conservas de peixe demandaba persoal eventual por un aumento de produción puntual. María empezou limpando peixe nun grupo maioritariamente feminino con algúns homes que tamén aprenderon, como ela, a limpar peixe, abrilo, pelalo baixo supervisión das delegadas de liña... Despois, un psicólogo de RRHH da empresa entrevistouna por se a necesitaban noutra sección ligada á súa formación e coñecementos. Aos poucos días levárona a realizar tarefas de supervisión para revisar que o peixe estivera en moi boas condicións, sen espiñas, sen sangue e sen pel e separar a ventresca, do lombo, as migas... ía todo seleccionado para pesalo e rexistralo no ordenador e facer os palés. Ao pouco tempo foron repartindo as persoas da liña específica de aprendizaxe ás diferentes plantas de elaboración. Entón a enviaron ao despaletizado e á nave de empacado manual, segundo María *"só era botar latas ás máquinas, pero para o que hai que ter moita habilidade para que non se caian ao chan, xa que habería que refugallalas"*. Unha vez cuberta esa baixa lle tocou cubrir a da delegada

de liña de empacado, e tivo que aprender de cero. Para ela, poñerse á fronte do ordenador e do control era unha tarefa de gran responsabilidade sendo eventual e nova. No grupo había moita xente veterana e poñerse a cargo de vinte ou trinta mulleres que saben perfectamente o que teñen que facer... foi un gran reto. Posteriormente, lle deron a posibilidade de ir á oficina de peche, e aos vinte días a chamaron para cubrir unha baixa no laboratorio. A María lle gustou moitísimo formar parte dun laboratorio, máis acorde co ciclo que estudou, ademáis coñece perfectamente o traballo nunha planta de elaboración e a súa conexión co laboratorio, un traballo moi sistemático, pero á vez diferente ao da fábrica. A industria do mar é máis complexa do que parece e o laboratorio é o corazón para que todo saia ben, se a engrenaxe do laboratorio non funciona os problemas en fábrica son moi importantes.

Cando termina de cubrir esta baixa, María foi ao desemprego. É a cabeza de familia, matriz e sustento da súa casa, o salario global, máis a distancia en quilómetros a percorrer ata a fábrica, a pesar da menor estabilidade... compensa. María ten soños e esperanzas de traballar nun posto que lle guste e que lle achegue estabilidade emocional, laboral e económica, xa que conta cunha gran experiencia de vida, e de carácter positivo e sensible.

Para María, a conserva de peixe é unha obra de arte. Non todo o mundo vale para empacar con esa destreza e en tan pouco tempo. As mulleres aprenden unhas doutras e as que adquiren o dito nivel son mulleres de máis de cincuenta, son verdadeiras mestras.

María, actualmente traballa na conserva.



Fundación Clúster de Conservación
de Productos del Mar

